PROGRAMA FORMACIÓN CENTROS DE TRABALLO

COORDINADORA:
MARIA JESÚS PARDO REGUEIRO

IES FRANCISCO AGUIAR

CURSO 2018-2019

PROPOSED BY ETHAN PEREZ

CONTIDO

CONTIDO 1
MÓDULO DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO (FCT) 2
OBXECTIVOS 2
FASES NO DESENVOLVEMENTO DA FCT 3
PROGRAMA FORMATIVO 3
PERIODOS DE REALIZACIÓN E DURACIÓN DA FCT 4
RELACIÓN DE EMPRESAS COAS QUE SE TEN CONTACTADO PARA O DESENVOLVEMENTO DA FCT 4
COORDINACIÓN DA FCT 7

MÓDULO DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO (FCT)

O módulo de Formación en Centros de Traballo (FCT) consiste nun programa formativo, con actividades formativo produtivas que o alumnado terá que cursar con carácter obrigatorio para a obtención do título profesional.

Desenvólvese nun ámbito produtivo real, onde o alumno/a poderá observar e desempeñar as funcións propias das distintas ocupacións relativas á súa profesión, así como coñecer a organización dos procesos produtivos ou de servicios e as relacións sociolaborais na empresa ou centro de traballo, orientados e asesorados en todo momento polos responsables do seguimento e avaliación das súas actividades.

Realízase unha vez cursados os módulos correspondentes ó centro educativo e organízase en xornadas laborais completas, procurando aplicar as competencias profesionais adquiridas no centro educativo, constituíndo a última fase da súa formación.

A coordinación da FCT, leva como consecuencia unha serie de actuacións que se interrelacionan entre os entes e individuos que participan nas mesmas: CENTRO DE FORMACIÓN, CENTRO DE TRABALLO, ADMINISTRACIÓN E ALUMNADO, engadindo ademais a relación posterior que se establece co mundo laboral, que dende os Centros Educativos debe favorecer a inserción profesional dos nosos alumnos.

OBXECTIVOS

1. Aplicar o aprendido no centro educativo, evidenciando as competencias adquiridas en procesos produtivos concretos e en situacións laborais reais.
2. Coñecer e comprender o que é realmente a organización socio-laboral dunha empresa, adquirindo coñecementos da organización, do perfil profesional e do sistema de relacións sociolaborais do centro de traballo, que facilitarán a súa futura inserción laboral.
3. Avaliar a adecuación da formación impartida nos centros educativos os requirimentos do sistema produtivo.
4. Completar a adquisición polo alumnado da competencia profesional conseguida no centro educativo, mediante a realización dun conxunto de actividades de formación previamente identificadas e delimitadas entre as actividades produtivas do centro de traballo.
5. Contribuír á consecución doutros obxectivos como a adquisición de coñecementos, habilidades e actitudes necesarios para traballar en condicións de seguridade e o logro dunha identidade e madurez profesionais que motiven para futuras aprendizaxes.
6. Avaliar os aspectos máis relevantes da competencia profesional adquirida polo alumno/a.
7. Coa finalidade de que os alumnos/as acaden o intercambio de experiencias, a mellora das competencias sociais e lingüísticas, e a adaptación á rápida evolución dos cambios tecnolóxicos, nun mundo cada vez con maior mobilidade xeográfica, fomentarase a realización da F.C.T. no estranxeiro.

FASES NO DESENVOLVEMENTO DA FCT

1. Identificación e selección de empresas colaboradoras.

2. Asignación de alumnos ás empresa: o titor, coa colaboración do equipo docente do ciclo, asignará a cada alumno á empresa na que vai realizar a FCT, tendo en conta os perfís profesionais solicitados pola empresa así como as capacidades dos alumnos e procurando que tódolos alumnos realicen a FCT no calendario establecido e cumprindo exactamente o horario da empresa.

3. Subscrición do convenio cos centros colaboradores que será asinado polo director do centro educativo e o representante legal da empresa colaboradora.

   Estes convenios específicos recollerán a relación de alumnado por cada centro de traballo. Asinarase un por cada empresa, utilizando o modelo **anexo I.** A súa duración é a prevista no período de realización das prácticas, considerándose improrrogable.

4. Carpeta de seguimento e avaliación da FCT, documento individual para cada alumno que incluirá: o plan individualizado de FCT **(anexo II)** e follas semanais para o seguimento das actividades realizadas polo alumnado **(anexo III).**

5. No seu caso, solicitude de realización da FCT nas fins de semana ou durante vacacións (**anexo IV).**

6. A xestión dos documentos relativos ó desenvolvemento da FCT realizarase mediante a utilización de xade web.

7. Realización da FCT, cunha xornada formativa similar á dos outros traballadores da empresa, non superando as 8 horas diarias e 40 horas semanais.

8. Avaliación individual da FCT do alumno. Realizada polo titor do centro formativo coa colaboración do titor da empresa. O titor do centro emitirá un informe no que figurará o grao de consecución dos obxectivos previstos no programa formativo.

PROGRAMA FORMATIVO

O módulo FCT esixe a elaboración dun programa formativo que inclúe o conxunto de actividades formativo-produtivas, ordenadas no tempo e no espazo, que debe realizar un alumno no centro de traballo durante as horas establecidas a tal fin e estarán inspiradas polas unidades de competencia do perfil do título.

Os programas formativos definidos nesta programación para os distintos ciclos que se imparten neste centro, adaptaranse ás empresas concretas, labor que corresponden os titores do centro educativo e do centro de traballo.

PERIODOS DE REALIZACIÓN E DURACIÓN DA FCT

Como norma xeral, o módulo de FCT será realizado ó final de cada ciclo formativo, unha vez superada a formación cursada no centro educativo, nun só período e de forma ininterrompida.

O número de horas do módulo ven determinado no programa oficial de cada ciclo formativo e están incluídas as destinadas ás xornadas na que os alumnos deben acudir ó centro educativo para as accións titoriais do profesor titor.

CICLO	HORAS FCT	PERIODO ORDINARIO DE REALIZACIÓN
C.S. XESTIÓN DE VENDAS E ESPAZOS COMERCIAIS	384	Marzo-xuño

Os alumnos con módulos pendentes realizarán a FCT, como norma xeral, no trimestre seguinte a súa recuperación. De non ser así deberán presentar a solicitude de renuncia.

RELACIÓN DE EMPRESAS COAS QUE SE TEN CONTACTADO PARA O DESENVOLVEMENTO DA FCT

As empresas coas que se ten contactado para estas prácticas ata este momento son as seguintes:

- Adegas Vinsa SL
- AIRAPRO PRODUCIÓNS
- AKI BRICOLAJE ESPAÑA SLU
- ALVARELLA ECOTURISMO S.L.
- Ardentia SL
- ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE BERGONDO
- AUTOMÓVILES LOUZAO S.A.U.
- Breogan Motor SL
- CALVO ENVASES SLU
- CARLOS FILIPE FERNANDES DE SOUSA
- CARPINTERÍA RAMÓN GARCÍA SL
- CASA GRANDE DE XANCEDA SAT
- CIE TECNOLOGÍAS S.L.U.

- COMERCIAL BECANI S.L.
- COMUNIDAD POCOMACO C.B.
- CONCELLO DE BETANZOS
- Concello de Cambre
- CONCELLO DE FERROL
- CONCELLO DE NEDA
- Concello de Oleiros
- CONCELLO DE PADERNE
- Concello de Sada
- Consorcio As Mariñas
- CORUÑESA DE ETIQUETAS S.L.
- CUORE BOUTIQUE S.L.
- DUATEL ASESORAMENTO DE TELECOMUNICACIONES SL
- ESTRATIVIDAD SLU
- EXPANSIÓN TELEMARK S.L.
- FERCAR EUROPA S.L.
- Fundación Radio ECCA
- GADISA-GALLEGA DE DISTRIBUIDORES DE ALIMENTACIÓN S.A.
- GADOC S.L.
- GASÓLEOS ABEGONDO S.L.
- GESTHEUMESA SL
- GESTORÍA GEYNE S.L.
- GRUMAR TRADING S.L.
- GRUPO GONZÁLEZ CARREIRA Y ASOCIADOS S.L.
- GRUPO REGUEIRA S.A.
- HELVETIA SA
- Hostelería Unida SA
- HOTEL MATOGRANDE S.L.
- HOTELERA NOROESTE S.A.
- Incolsa - Turismo de Santiago
- INDUSTRIAL MULTICOLOR EQUIPOS Y HERRAMIENTAS S.L.

- INVERSIONES FRIEIRA S.L.
- IPASA SA
- ISABEL DIOS MÉRIDA
- ITOPIC BE DIGITAL S.L.
- JOSÉ MANUEL CARREGAL SILVA SL
- JOSÉ MARÍA ARROJO ALDEGUNDE S.A.
- JOYERÍA JOSÉ LUÍS S.L.
- LÁCTEOS FEINAR S.L.
- LAS RÍAS SCG
- LIÑAGAR SL
- Luis Sierra Carral SL
- MELIÁ HOTELS INTERNACIONAL S.A.
- MIGUEL ÁNGEL MARTÍNEZ DÍAZ
- NAISA SEGURIDADE LABORAL S.L.
- NH Hoteles SA - Hotel Atlántico
- NOELIA LÓPEZ VALDAVIDA
- NORTHGATE ESPAÑA RENTING FLEXIBLE S.A.
- OFIPRECIOS S.L.
- ORZÁN CONGRESS S.L.
- PALETS CERVELO SL
- PANAVISIÓN TOURS
- PROFONT-98
- PROSEGUR SEGURIDAD SL
- PUNTO UP ARTE HOBBIES S.L.
- R.D. SENAVE S.L.
- Rotulación Industrial de Galicia S.L.
- SERIGRAFÍA BORDADOS Y ROTULACIÓN S.L.
- SOCIAL WEB VIPPTER S.L.
- Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia
- SOLÍS, MARTÍNEZ, MOSQUERA Y ASOCIADOS S.L.
- TALLERES MYR SL

- TECAM OFICINAS S.A.
- TERRAS DE FERGO SL
- Todo Deporte SL
- TODOCONSOLAS SL
- Turgalicia SA
- TURISMO DE LA CORUÑA
- VENDA HORTA PRODUCTOS GALEGOS S.L
- VENTOSA E HIJOS SA
- VIAJES EL TEMPLE SL
- Viajes Marsans SA
- VIBA LIBREIROS S.L.
- VIVEROS LA GARANTÌA S.L.
- XALLAS FLEJES Y SUMINISTROS DEL EMBALAJE SL
- XUNTA DE GALICIA
- ZAPATA REPRESENTANTE S.L.

COORDINACIÓN DA FCT

A coordinación da FCT será o encargada da súa xestión nas seguintes actuacións:

Captación de empresas e elaboración de convenios

Os contactos coas empresas teñen dous aspectos claramente diferenciados:

- Visitas concertadas con empresas de interese dentro do entorno.

  Realizarase un primeiro contacto telefónico para solicitar unha entrevista coa persoa responsable da empresa, durante a que se lle explicará o que representan os módulos de FCT e a posible participación da súa empresa nos mesmos, intentando captar o seu interese pola participación na formación dun posible futuro traballador.

- Contacto directo a iniciativa da empresa co centro educativo.

Unha vez aclarados os aspectos legais e documentais, procederase a elaborar o convenio.

Reunións informativas co titor/a

Levarase a cabo reunións periódicas co Titor/a do Centro, nas que se tratarán cuestións referentes ó seguimento da FCT:

- Información sobre a normativa vixente e prazos
- Aspectos referentes a documentación
- Seguimento do plan de visitas
- Parte de incidencias: Baixas, cambios de empresa, disciplina, accidentes

A comunicación destes eventos ó coordinador de FCT será o máis inmediata posible, de cara a exercer as medidas oportunas estipuladas en cada caso.

Documentación

Elaboración dos anexos correspondentes o desenvolvemento da FCT que se levarán as empresas para a súa firma, previa consulta coas mesmas para establecer o número de alumnos que van realizar a FCT (anexos I, II, IV). Enviarase copia anexo I á Inspección Educativa.

Envío dos datos e documentación a Dirección Xeral de Formación Profesional.

Mantemento dun exemplar debidamente arquivado no Centro.

Xestión da documentación

- Solicitude de axudas
- Conformidade coa axuda solicitada
- Declaración de non recibir outra axuda
- Envío das mesmas á Consellería e arquivo no centro dunha copia.
- Introdución dos datos na aplicación FCT
- Elaboración do proxecto de expediente económico, certificación da realización das prácticas e listaxe de solicitantes.
- Envío do proxecto económico, certificación e listaxe de solicitantes á Consellería.

Pagamento

O pagamento ós titores, como compensación dos gastos ocasionados polo seguimento da FCT, realizarase en función dos quilómetros realizados nas súas visitas ás empresas.

É importante subliñar a obriga de manter arquivado no centro os duplicados da documentación enviada á Consellería.

Certificación

O remate da FCT, realizarase a Certificación das xornadas reais efectuadas polos alumnos, contando coa información obtida a través dos titores. Dita certificación será remitida á Consellería xunto coa aceptación da axuda por parte do alumno.